



INFORME DA MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL (Exercicio 2020)



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL

Este informe enmárcase no programa de actuación 2020-2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



ENTIDADE DE
ECONOMÍA SOCIAL

Colaboran:



XUÑO, 2021

CONTIDOS



01_Presentación

02_Metodoloxía

- **Introdución**
- **A Contabilidade Social: O Modelo Poliédrico como soporte**
- **Proceso práctico de monetización do Valor Social**

03_Proceso de monetización do Valor Social na Confraría

- **Visión xeral do proceso**
- **Identificación do mapa de Stakeholders**
- **Mapa de Stakeholders e entidades representativas**
- **Valor Social de Mercado- Directo**
- **Valor Social de Non Mercado- Indirecto**
- **Valor Social Integral**

Anexo 1_Estado do Valor Engadido da Confraría (2020)

Anexo 2_Financiamento da Confraría (2020)



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



01_PRESENTACIÓN

A Confraría de Vigo foi creada en 1944, como transformación do antigo Pósito de Pescadores de Vigo que agrupaba a mariñeiros e armadores, co obxecto de defender os intereses de ambos colectivos. (www.cofradiavigo.org).

Situada en Vigo, co paso dos anos foise adaptando ás diferentes normativas e situacións e hoxe en día é unha corporación de Dereito Público que representa os intereses económicos, sociais e corporativos das embarcacións e profesionais do sector pesqueiro, actuando á súa vez como órgano de consulta e colaboración coa Administración pesqueira no ámbito da pesca.

Como organización de dereito público sen ánimo de lucro, está gobernada por unha Xunta Xeral na que están representados todos os profesionais do sector e que actúa como órgano supremo de decisión sendo xestionada polo Cabido. Á súa vez o Patrón Maior preside a Xunta Xeral e o Cabido e exerce de representante da Confraría.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



01_PRESENTACIÓN

A nivel de xestión, o proxecto da Confraría apóiase nun modelo e unha sistemática en continuo avance nos últimos anos e orientada á eficiencia no uso dos recursos e a sustentabilidade da entidade; un modelo no que o equipo de xestión mostrou interese nos últimos anos por adoptar ferramentas innovadoras para a medición do impacto que a Confraría xera para a Sociedade no cumprimento da súa Misión.

Así, no ano 2020 e nun contexto no que é crecente a necesidade de comunicar e xestionar o valor social que todo tipo de organización xera para a Sociedade, a Confraría decidiu abordar un proxecto desenvolvido fundamentalmente nos seis primeiros meses de 2021 no que, seguindo o denominado Modelo Poliédrico de Contabilidade Social -que se describe no capítulo 2 deste documento-, se monetiza o valor social xerado pola Confraría no exercicio 2020. Este modelo e a metodoloxía subxacente, utilizada neste proxecto, desenvolveuse ao longo da última década a partir dos traballos dun grupo de investigación que integra a diferentes universidades.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



01_PRESENTACIÓN

Ademais de obter os resultados propios da contabilidade social, tratáronse de asentar as bases sobre as que nos vindeiros anos esta poida seguir desenvolvéndose na organización. A tal fin a Confraría contou co asesoramento de **GEACCOUNTING**, Agrupación de entidades interesadas na contabilidade social que xerou, desenvolve e difunde o modelo de cálculo que foi utilizado neste proceso. **ALGALIA e LKS NEXT** son dúas empresas de consultoría integradas nesta Agrupación, cun amplo coñecemento e experiencia no traballo con diferentes familias da Economía Social; entre elas, as asociacións, e que acompañaron á Confraría neste proceso.

No presente documento recóllense os resultados do proceso no capítulo 3, co título de *Proceso de monetización do Valor Social na Confraría*. Está precedido por unha explicación da metodoloxía de estudo e por unha descrición dos principais fitos do proceso levado a cabo na Confraría ata chegar ao cálculo do valor social xerado. Este documento constitúe un informe complementario ao documento **Valor Social de Confraría 2020.xls**, no que se pode analizar en detalle a trazabilidade dos mencionados resultados.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



02_METODOLOXÍA

Introdución

Este informe está baseado no modelo de contabilidade social para a sustentabilidade desenvolto por Retolaza et al. (2013) para dar resposta ao reto das organizacións de determinar e cuantificar o valor social que xeran. Este reto abordouse de diferentes maneiras dende a investigación, pero é na práctica onde se está conseguindo que a metodoloxía desenvolvida a partir deste modelo sexa apoiada por diversas organizacións tanto privadas como públicas, non só do ámbito social senón tamén mercantil.

En concreto, a proposta de contabilidade social para a sustentabilidade ten por obxectivo monetizar o Valor Social Integral que xeran as diversas organizacións, e conta con tres propostas complementarias. Dunha parte, incorpora un modelo subxacente de valor, centrado na Teoría de Stakeholder, ao que denominamos Modelo Poliédrico. Trátase dun modelo teórico, e por tanto suxeito a debate conceptual. En segundo lugar, desenvolve unha metodoloxía procesual, baseada no mencionado Modelo Poliédrico, que a través dunha serie de pasos permite sistematizar o proceso de cálculo de valor social para cada entidade en particular. En terceiro lugar, para aquelas entidades coas que se traballou experimentalmente, concreta una certa estandarización das variables de valor, así como dos proxys que permiten a monetización dos outputs con elas vinculados; o que permite ir xerando un vademecum de variables e proxys recoñecidos, en continua construción por parte dunha Comunidade de prácticas, composta por entidades usuarias, prescriptoras e investigadoras.




**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



02_METODOLOGÍA

A Contabilidade Social: O modelo Poliédrico como soporte



Modelo poliédrico. (Fuente: adaptación de Retolaza, San-Jose & Ruiz-Roqueñi, 2016: 40)

O proceso de contabilidade social segue a metodoloxía analítico sintética, por canto subdivide un concepto complexo e intanxible, como o de valor social, nunha serie de factores constituíntes, as Variables de Valor, a partir das cales se identifican outputs, que se cuantifican a través da súa vinculación, mediante diferentes algoritmos, con proxys de referencia. Unha vez cuantificadas de forma diferencial as diversas variables, procédese a unha integración sintética e holística dos datos obtidos, permitindo unha visualización múltiple (poliédrica) a través de diversos ecosistemas de valor, como o valor específico para cada stakeholder, o valor compartido, o valor social específico, o valor social xerado pola actividade mercantil, o retorno económico á Administración ou o valor integral. O modelo permite así mesmo diferentes análises específicas adicionais que se queiran xerar a partir dos resultados obtidos. O Modelo Poliédrico que serve de soporte a este proceso analítico sintético, plásmase na Figura 1.


As diferentes áreas externas da Figura representan o valor xerado para cada un dos stakeholders; devanditos valores non teñen por que ser coincidentes, o normal é que nalgúñas variables coincidan, e noutras non. Así, o núcleo central representa o conxunto de valor atribuído ás variables coincidentes, o que poderíamos denominar como valor compartido; que se calculará mediante o sumatorio dos valores coincidentes para o conxunto de stakeholders. Complementariamente existirán valores xerados para un stakeholder particular, que non sexan coincidentes cos dos outros stakeholders, a consolidación do total do valor xerado pola organización para o conxunto de stakeholders constituirá o valor integral xerado.



02_METODOLOGÍA

Proceso práctico de monetización do valor social

Como se sinalou previamente, o Modelo Poliédrico pode considerarse como o modelo de análise subxacente, do cal dimana un proceso para a súa aplicación concreta a unha organización. A figura 2 sintetiza de forma bastante completa o proceso de construción colectiva que se desenvolve para establecer un sistema (contabilidade) para a monetización do valor social xerado por unha organización.



02_METODOLOGÍA

Proceso práctico de monetización do valor social

Fundamentalmente, o proceso conta, por tanto, con cinco fases teóricas, algunhas das cales converxen no tempo. Isto ocorre porque o obxecto central das fases é o denominado Valor Social de Non Mercado (VSNM), pero en paralelo vanse incorporando diversos aspectos de integración do ecosistema de Valor Social de Mercado (VSM). Máis adiante no presente informe recóllense as especificidades deste proceso no caso da Confraría. Neste punto preséntanse as 5 fases dun proceso estandarizado e unha sucinta explicación de cada unha delas:

- 1) Fixación do equipo e cronograma, que podería considerarse tamén como unha fase previa ou preparatoria; con todo, é de vital importancia, xa que a calidade do equipo de traballo e a súa implicación coa organización analizada determinan en gran medida o éxito do proceso de análise e sistematización.
- 2) Identificación dos grupos de interese aos que a organización presupón que lles xera valor, onde o valor enténdese en relación coas persoas receptoras do devandito valor. Neste sentido, enténdese por valor social o conxunto do valor percibido polos diferentes grupos de interese dunha organización.
- 3) Identificación das variables de valor, entendendo por tales, os aspectos nos que a organización xera valor a terceiras partes; que, seguindo a formulación da fase anterior, realizarase en diálogo cos diferentes stakeholders, xa que desde unha perspectiva fenomenolóxica serán estes os que identifiquen ditas variables.



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



02_METODOLOGÍA

Proceso práctico de monetización do valor social

4) Monetización dos outputs. Nesta fase recondúcese a perspectiva subxectivista da anterior, aínda que se podería seguir usando a valoración subxectiva dos stakeholders, como se utiliza noutros ámbitos da economía da empresa; e centrámonos en cuantificar os outputs vinculados a cada variable de valor, a través de proxys. A lóxica utilizada neste proceso de cuantificación monetaria é a mesma que a do valor razoable, coa diferenza de que os rangos de valor no caso dos intanxibles son moito máis amplos e complexos de acordar que no caso dos bens tanxibles.

5) Cálculo e visualización do valor social integral; integrando os resultados dos cálculos parciais mediante o Modelo Polidérico.

Terminada a implantación, dáse inicio a un proceso de feedback e mellora continua; tanto para a propia organización en ciclos de análises sucesivas (contabilidade social anual), como, se así fose o desexo da entidade, para outras organizacións que no mesmo ou similar sector de actividade poden ver unha utilidade na potencial comparativa de datos.

Na Figura sintetízanse os pasos progresivos entre as fases 1 e 5 e o feedback posterior, así como os outputs resultantes que se transforman nos inputs da seguinte fase do proceso; tamén se apuntan os recursos técnicos normalmente utilizados en cada fase do proceso.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



02_METODOLOGÍA

Proceso práctico de monetización do valor social

No caso da Confraría, estas fases desenvolvéronse ao redor dun proceso no que, como se apuntou máis arriba, dispúxose do asesoramento das consultoras ALGALIA e LKS NEXT, integradas en GEACCOUNTING. O proceso contemplou a análise do valor agregado xerado directamente, o do valor mobilizado a través da compra a provedores e o identificado a través do diálogo cos stakeholders da Confraría en relación coas súas actividades de non mercado. No seguinte capítulo explícase en maior detalle o alcance e os resultados deste proceso.




Figura: Inputs/Outputs y principales técnicas (Fuente: Retolaza, San-Jose & Ruiz-Roqueñi, 2016: 54)



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Visión xeral do proceso

A Confraría deu inicio en decembro de 2020 a un proceso no que se expuña o obxectivo xeral de monetizar o valor social xerado pola entidade, de acordo coa metodoloxía de GEACCOUNTING explicada no capítulo anterior. No cumprimento deste obxectivo iríanse alcanzando obxectivos complementarios que, tras a preparación e planificación do proxecto coincidirían coas grandes fases da metodoloxía de GEACCOUNTING: i) Identificar os grupos de interese da Confraría; ii) Establecer un diálogo cos grupos de interese, tendente a identificar as fontes de valor, iii) Acordar as principais variables de valor e orientalas a indicadores que permitan a monetización do valor xerado, e iv) Monetizar o valor xerado (perspectivas de mercado e de non mercado) e calcular o valor integrado.

Co obxectivo adicional de xerar un proceso de aprendizaxe no que diferentes persoas da Confraría familiarizásense e aprendesen os diversos conceptos que implica a contabilidade social formouse un Comité de Pilotaxe do proxecto, acompañado no desenvolvemento de todas as súas fases por ALGALIA e LKS NEXT.

Ao longo das seguintes páxinas vanse explicando os resultados parciais e finais dun proceso que, debido á situación xerada pola pandemia da Covid19, tívose que modificar, adaptando algunhas dinámicas de traballo ás normativas de reunión vixentes en cada momento. O proceso mantívose vivo ata o mes de xuño de 2021, cando na reunión do 17 de xuño o Comité de Pilotaxe validou os resultados do documento Excel mencionado na presentación, no que se recolle a contabilidade social da Confraría do exercicio 2020.



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Identificación do mapa de stakeholders

Un dos fitos iniciais do proceso, foi a identificación dos stakeholders da Confraría, organizados para a súa visualización no mapa de stakeholders da organización, no que se identifican de partida seis diferentes categorías de stakeholders: Traballadores/as, Administración, Provedores, Clientes, Socios e Redes e Aliados.




Figura: Mapa de stakeholders de la Cofradía (Fonte: Comité de Pilotaxe do proxecto de monetización do valor social na Confraría)

Partindo deste mapa identificáronse unha serie de entidades representativas das diferentes categorías de stakeholders, coa fin posterior de dialogar con elas sobre o valor social que perciben que a Confraría lles xera.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Mapa de Stakeholders e entidades representativas

Identificadas as entidades representantes de cada un dos stakeholders, seleccionáronse diversas persoas de referencia, para manter unha entrevista persoal con elas, enviarlles un cuestionario ou, no caso do grupo de traballadores e traballadoras a través dun grupo focal. A información obtida neste proceso presentase no apartado correspondente ao Valor Social de Non Mercado.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL




03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado

Marco Conceptual

Sendo o obxectivo a monetización do valor social da Confraría; calculouse o valor social xerado pola actividade mercantil da entidade. Para o seu cálculo utilizouse a Matriz de análise recollida na figura.

Nela analízase a distribución do valor retido e distribuído, resultando catro cadrantes nos que se incorporan diversos indicadores; visibilizando así as vías de retención e distribución de valor, vinculadas así mesmo cos stakeholders principais.



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado directo

A Táboa recolle o valor social de mercado directo xerado pola Confraría. Nela preséntanse os datos máis significativos da actividade económica desenvolvida pola entidade, calculando o Valor Social Xerado (VES) aos diferentes stakeholders a través de impostos, salarios, amortizacións ou resultado. Na táboa detállanse as magnitudes empregadas. Xunto co Valor Social xerado (VES), que ascende a 140.961,83 € e que está calculado a partir da suma do valor engadido máis o imposto derivado (IVE/IVE) pódese contemplar así mesmo a xeración de fluxos de caixa que de forma directa ou indirecta é captada pola Administración, a través do sumatorio dos ingresos realizados á Seguridade Social e a Facenda Pública, e que en 2020 totalizou 35,425 €.

As fontes de información para chegar a este cálculo foron a conta de perdas e ganancias do exercicio 2020, a declaración anual do IVE e o modelo 190. Os datos da conta de explotación trasladáronse ao modelo de presentación do Estado do Valor Engadido proposto pola AECA, que permite incorporar a perspectiva de valor e visualizar así o valor xerado pola organización e a súa distribución entre os factores de produción. Este proceso de transferencia da información da conta de explotación ao Estado do Valor Engadido pódese ver en maior detalle no Anexo do presente informe e no documento Excel que o complementa.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado directo

Valor Económico Social <small>Directo</small>	140.961,83 €
--	---------------------

=

IVE	Σ (IVE repetido - IVE soportado)	Declaración anual IVE	8.980 €
------------	---	-----------------------	----------------

+

Valor Engadido	Σ valor engadido anual	Contabilidade	131.982 €
-----------------------	-------------------------------	---------------	------------------



Descripción	Indicador	Fonte	Resultado
Salarios	Σ sodos netos	111	53.661 €
Seguridade Social	Σ SS empresa + SS traballador	Contabilidade	25.498 €
Imposto da Renda	Σ (retención IRPF)	111	2.221 €
Outros Impostos	Σ impostos aboados	Contabilidade	7.706 €
Gastos Financeiros	Intereses	Contabilidade	3.953 €
Resultado		Contabilidade	20.560 €
Amortizacións		Contabilidade	18.382 €
Axudas a Terceiros	Σ axudas concedidas	Contabilidade	0 €



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado indirecto

Tras o cálculo do valor social de mercado directo, calcúlase o mobilizado a través de provedores de explotación e de investimento, denominado valor social de mercado indirecto. A lóxica de traballo é a mesma que no valor social de mercado directo, na medida en que se trata de descompoñer o valor agregado dos provedores seguindo criterios de distribución aos diferentes stakeholders. Ademais, tense en conta o volume de compra da Confraría aos provedores para determinar a contía do valor agregado do conxunto de provedores e a súa distribución aos diferentes stakeholders.

Para iso, unha vez determinados os provedores da Confraría, recórrese á base de datos SABI para realizar a partir dos seus datos económicos unha estimación do valor xerado ao persoal, dos impostos, dos resultados e do valor engadido. Os índices de repercusión calculados cos datos anteriores son proxys que aplicados ás compras da Confraría permiten establecer o valor agregado que xeran e a súa distribución aos principais stakeholders.

O valor social mobilizado pola Confraría en 2020 a través da compra a provedores ascendeu a 219.958,83 €.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado indirecto

Provedores de explotación

Valor Económico Social <small>Indirecto Provedores</small>	219.958,83 €
---	---------------------

=

IVE	IVE Soportado	21%	38.175 €
------------	---------------	-----	----------

+

Valor engadido	Σ valor engadido anual	Proxi (Datos sectoriais)	181.784 €
-----------------------	------------------------	--------------------------	-----------



Descripción	Indicador	Fonte	Resultado
Compra Provedores	Σ compra provedores	Contabilidade	761.159 €
Salarios Netos	Σ soldos netos	Proxi (Datos sectoriais)	40.393 €
Seguridade Social	Σ SS empresa + SS traballador	38%	34.110 €
Imposto da Renda	Σ (retención IRPF)	17%	15.260 €
Outros Impostos	Σ impostos aboados	Proxi (Datos sectoriais)	22.588 €
Intereses	Gastos Financeiros	Proxi (Datos sectoriais)	11.794,91 €
Resultado		Proxi (Datos sectoriais)	40.844 €

Índices de repercusión	
<i>Valor engadido s/Ingresos</i>	23,88%
<i>Gastos Persoal s/Ingresos</i>	11,79%
<i>Interese s/Ingresos</i>	1,55%
<i>Imposto sociedades s/Ingresos</i>	2,97%
<i>Resultado do exercicio s/Ingresos</i>	5,37%



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado indirecto
Provedores de investimento

Coa compra a provedores de investimento séguese o mesmo mecanismo de análise que para os provedores de explotación. O valor social xerado a través da compra a provedores de investimento no exercicio 2020 ascende a **2.139,82 €**. (Ver detalle na Táboa).

Valor Económico Social <small>Indirecto Provedores Inmobiliado</small>	2.139,82 €
---	-------------------

=

IVE	IVE soportado	21%	371,37 €
-----	---------------	-----	----------

+

Valor engadido	Σ valor engadido anual	Proxy (Datos sectoriais)	1.768,44 €
-----------------------	------------------------	--------------------------	------------



Descripción	Indicador	Fuente	Resultado
Compra Provedores de Inmobiliado	Σ compra provedores inmobiliado	Contabilidae	6.840,89 €
Salarios Netos	Σ soldos netos	Proxy (Datos sectoriais)	510,51 €
Seguridade Social	Σ SS empresa + SS traballador	38%	431,10 €
Impuesto da Renda	Σ (retención IRPF)	17%	192,86 €
Outros Impostos	Σ impostos aboados	Proxy (Datos sectoriais)	73,04 €
Intereses	Gastos Financieros	Proxy (Datos sectoriais)	18,18 €
Resultado		Proxy (Datos sectoriais)	453,13 €

Indices de repercusión	
Valor engadido s/Ingresos	25,85%
Gastos Personal/Ingresos	16,58%
Interese s/Ingresos	0,27%
Impuesto sociedades s/Ingresos	1,07%
Resultado do exercicio s/Ingresos	6,62%



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Non Mercado

O valor social de non mercado calcúlase a partir do conxunto de **variables** identificadas polos stakeholders da organización no diálogo que se mantén con cada un deles. As variables, trasladadas neste diálogo de forma espontánea e coloquial, oriéntanse a **indicadores** a fin de que poidan ser monetizadas. Para iso tamén se acordan os **proxies**, que son aproximacións para determinar o valor monetario de cada indicador, utilizando o principio do valor razoable. Finalmente, é preciso obter os **outputs**, que son as cuantificacións dos indicadores que proporciona a Confraría.

Nas táboas seguintes recóllese o cálculo do valor social de mercado, podéndose observar a trazabilidade do proceso desde a identificación das variables de valor ao resultado final e o Valor Social de Non mercado total da Confraría.

DOAZÓN DE PRODUTOS DECOMISADOS
VANTAXES DE PREZO
OPTIMIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA
ASESORAMENTO
INFORMACIÓN
SENSIBILIZACIÓN SOCIAL DO SECTOR PESQUEIRO E DIVULGACIÓN DA CULTURA DO MAR
COIDADADO DO MEDIOAMBIENTE
INTERLOCUCIÓN UNICA EN REPRESENTACIÓN DO SECTOR
FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PROFESIONAL
CONCILIACIÓN LABORAL
DINAMIZACIÓN DO SECTOR
APOIO Á ACTIVIDADE INVESTIGADORA
PRESCRICIÓN DE ALUMNADO



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Non Mercado

Matriz de VSNM
Eercicio 2020

VARIABLES DE VALOR COFRADÍA PESCADORES	VARIABLES DE VALOR ORIENTADAS A INDICADORES	OUTPUT (Cuantificación del indicador - Fuente: Sistema de gestión de Cofradía)	PROXY	CÁLCULO	TOTAL POR VARIABLE	
Donación de productos decomisados	Numero de kg donados	EN HOJA ANEXA	EN HOJA ANEXA	880,00 €	880 €	0,59%
Vantaxes de prezo (Acceso a produtos, aforro prezos amarres marifa, amarres marifa non socios)	Numero de kg vendidos	71	15,50 €	1.100,50 €	21.641 €	14,55%
	Numero de pizzas de a marre socios	EN HOJA ANEXA	EN HOJA ANEXA	6.063,36 €		
	Numero de pizzas de a marre no socios	EN HOJA ANEXA	EN HOJA ANEXA	14.476,68 €		
Optimización de la carga y la descarga de mercancías	Días de personal no abonados	197	15,00 €	2.955,00 €	2.972 €	2,00%
Asesoramiento.- Resolución de cuestiones y garantía de cumplimiento de normas; gestión de ayudas y otros trámites burocráticos (Asesoramiento y tramitación de gestiones a socios y entidades colaboradoras (inscripción cursos, gestoría...); asesoramiento a instituciones - Autoridad Portuaria, GALP y Fundamar)	Numero de cajas prestadas para carga y descarga	15	1,10 €	16,50 €	74.400 €	50,03%
	Horas dedicadas a asesoramiento	360	70,00 €	25.200,00 €		
	Numero de consultas y problemas resueltos	1440	30,00 €	43.200,00 €		
	Numero de gestiones realizadas a socios	40	150,00 €	6.000,00 €		
Información (traslado de información de diversos agentes a sus agentes y del sector de bajura a diversos agentes)	Numero de noticias generadas	20	800,00 €	16.000,00 €	17.232 €	11,59%
	Numero de servicios, productos o ayudas publicitadas	22 axudas distribuídas a 56 socios	1 €/destinatario/envío	1.232,00 €		
Sensibilización social sobre el sector pesquero o divulgación de la cultura del mar (protección de los valores de la pesca tradicional, extracción tradicional, apoyo a la policía local en el furtivismo)	Numero de participantes en actividades (través, visitas, degustaciones, otras experiencias)	0	5,00 €	0,00 €	706 €	0,47%
	Numero de inserciones en RRSS	EN HOJA ANEXA	Visualizaciones (facebook, twitter, instagram: 0,001; linkedin 0,002 €; youtube: 0,1 €). Likes y comentarios: 0,15 €	496,21 €		
	Numero de asistentes a jornadas de difusión propias	15	14 €	210,00 €		
Cuidado del medio ambiente (limpieza playas y fondos)	Horas de limpieza de playas y fondos	EN HOJA ANEXA	EN HOJA ANEXA	5.950,00 €	6.078 €	4,09%
	Numero de kg aportados para detección de toxinas	7*1,5 kg (4 Navaja, y 3 almeja)	15 euros/almeja Navaja 10 euros/kg	127,50 €		
Interlocución única en representación del sector de marisqueo y bajura	Horas de asistencia a reuniones con autoridades y otros agentes	40	90,00 €	3.600,00 €	3.600 €	2,42%
Formación e capacitación profesional (recepción de alumnado en prácticas)	Horas de prácticas externas	610	16,00 €	9.760,00 €	14.908 €	10,02%
	Horas de formación recibidas por el alumnado	286	18,00 €	5.148,00 €		
Conciliación laboral	Numero de kilómetros ahorrados por teletrabajo	834	0,19 €	158,46 €	1.406 €	0,95%
Dinamización del sector (participación en organizaciones...)	Horas de permiso concedidas	96	13,00 €	1.248,00 €	1.875 €	1,26%
	Horas de asistencia a órganos de gobierno	20	60,00 €	1.200,00 €		
	Horas de transferencia de aprendizajes a otras entidades	15	45,00 €	675,00 €		
Apoyo a la actividad investigadora (aportación de datos)	Numero de kg aportados para actividades investigadoras	EN HOJA ANEXA	EN HOJA ANEXA	1.135,00 €	2.285,00 €	1,54%
	Días de recogida especializada de muestra	5	150,00 €	750,00 €		
Prescripción de alumnado	Numero de encuestas para proyectos de investigación (directas y a pescadores)	8	50,00 €	400,00 €	740 €	0,50%
	Numero de alumnos de bajura a cursos de formación	19	10% Valor Curso	740,00 €		
				148.722,21 €		



**CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO**
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Mercado indirecto

A Confraría xera, por tanto un total de **148.722 €** a través de actividades de non mercado. Resulta significativo o peso da variable de valor de Asesoramento sobre o total do Valor Social de Non Mercado incrementada posiblemente polas circunstancias vividas no ano 2020 con motivo do a pandemia orixinada pola COVID-19. De feito, o 50% do valor xerado asóciase a esta variable, o cal é coherente co obxecto da Confraría no momento da súa constitución hai xa máis de 77 anos: “Orientar a todos os membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concerne a ou sector pesqueiro, en particular sobre axuda, subvencións e programas establecidos pola Administración Pública” e “ Servirlle como entidade de consulta á Administración naquelas cuestións concementes ó sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas”.

A variable de Asesoramento supón unha xeración de **74.400 €** e reflicte o compromiso e o liderado da Confraría no sector da pesca de baixura, marisqueo e acuicultura que fai que sexa un referente para todas as persoas, entidades ou institucións implicadas ou que se queren achegar a estes sectores para obter información, consello ou realizar xestións.

O menor peso relativo do resto das variables non debe infravalorar a súa importancia como valores complementarios que no desenvolvemento da actividade da Confraría son recoñecidos polos seus stakeholders. Así, recoñécese unha achega de valor na que se achegan:



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social de Non Mercado

- 21.640 € nas variable Vantaxes en prezo, tendo en conta que se recoñece que a Confraría na súa actividade de venda de produtos proporciona produtos de alta calidade en condicións económicas vantaxosas tanto para os seus confrades como para terceiros.
- 17.232 € na variable Información, ao ser a Confraría canalizadora de información de diversos axentes ao sector e desde o sector a axentes terceiros.
- 14.908 € en Formación e Capacitación profesional, tanto para stakeholders internos (o propio persoal da Confraría) como externos.
- 6.078 € en Coidado do Medio, a través da limpeza de fondos e praias e contribuíndo á análise de toxinas.
- 3.600 € en Interlocución única en representación do sector, a través de traballo e reunións con autoridades e axentes.
- 2.285 € en Apoio á Actividade Investigadora achegando a Confraría a investigadores especies e datos para os seus proxectos.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL NA CONFRARÍA

Valor Social Integral

Finalmente, recóllese a táboa de valoración completa, que integra o valor social de mercado e de non mercado e permite ver así mesmo a distribución que se fai do mesmo entre os diferentes stakeholders. A columna de “Sociedade” non é a dun stakeholder específico senón que resulta do agregado do valor distribuído aos diferentes stakeholders, descontando en todo caso no Valor Social de Non Mercado aquela contía correspondente ao valor compartido entre dous ou máis stakeholders.

	SOCIEDADE	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	TRABALLADORES	CLIENTES	PROVEDOR	ACREEDORES FINANXEIROS	SOCIOS	REDES e ALIADOS
IMPACTO DIRECTO DA ACTIVIDADE ECONOMICA	140.961,83 €	44.406 €	53.661 €			3.953 €		
VALOR MOBILIZADO PROVEDORES COMERCIAIS	219.958,83 €	110.132 €	40.393 €			11.795 €		
VALOR MOBILIZADO PROVEDORES DE INMOBILIZADO	2.139,82 €	1.068 €	511 €			18 €		
VALOR A CLIENTES	616.892,30 €			616.892 €				
VALOR SOCIAL DE MERCADO [VES]	979.952,78 €	155.606 €	94.564 €	616.892 €		15.766 €	0 €	
VALOR SOCIAL NON MERCADO [VSNM]	148.722,21 €	9.678 €	6.554 €	25.547 €	17.232 €	- €	90.587 €	29.844 €
VALOR SOCIAL INTEGRADO BRUTO [VASI_{Bruto}]	1.128.674,99 €	165.283 €	101.119 €	642.439 €		15.766 €	90.587 €	29.844 €
FINANCIAMENTO PÚBLICO RECIBIDO	67.865,25 €							
VALOR SOCIAL INTEGRADO NETO [VASI_{Neto}]	1.060.809,74 €	165.283,17 €	101.118,56 €	642.439,48 €		15.766,33 €	90.586,86 €	29.843,71 €



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL INTEGRAL

A lectura da táboa anterior permite extraer algunhas conclusións. En primeiro lugar, é a manifestación última de que a Confraría abordou un proceso de monetización do valor social xerado no exercicio 2020, de acordo coa súa Misión e coa necesidade de visibilizar, máis aló do resultado do exercicio; o valor agregado xerado e a súa distribución entre os diferentes stakeholders da entidade. Fíxoo seguindo a metodoloxía Spoly, de acordo co Modelo Poliédrico desenvolto por Retolaza et al. (2013) e que require a comprensión e estruturación dun sistema propia de medición do valor social. A Confraría pretende incorporar esta medición á súa sistemática de traballo de tal forma que a comparativa de datos de evolución incorpórese ás dinámicas de xestión e, en último termo, á toma de decisións estratéxicas da organización.

O resultado do primeiro exercicio permite ver que a Confraría xerou a través da súa actividade un Valor Social de 1.128.675 €.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL INTEGRAL

Cabe destacar nunha primeira análise os seguintes aspectos á xeración e a distribución de valor entre os diferentes grupos de interese:

- O 87% (**979.953 €**) do Valor Social Integrado provén do Valor Social de Mercado xerado nunha gran parte pola venda dos produtos a terceiros que a Confraría fai dos produtos dos seus confrades. Igualmente neste caso e pola vía do mercado a Confraría cumpre un das súas fins sociais máis importantes que é o de proporcionar aos seus confrades unha saída legal á venda dos produtos que proveñen da pesca e o marisqueo.
- Tendo en conta que unha das achegas da contabilidade social é a identificación significativa de valor compartido; é dicir, non asignado exclusivamente a un stakeholder; é importante sinalar aínda que os clientes son os maiores perceptores de valor social (**642.439 €**), Administracións Públicas, Traballadores e Socio, por esta orde, están entre os stakeholders que en 2020 foron perceptores dunha cantidade superior a 90.000 € de valor social.

Desde outras perspectivas, cabe extraer conclusións adicionais ligadas á formulación das cocientes de análises da táboa recollida na seguinte páxina.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL INTEGRAL

A táboa de análise relaciona a creación de valor a través de diferentes ecosistemas (filas) co financiamento recibido (columnas) que podemos ver no anexo 2, de tal forma que:

- A ratio de retorno de caixa relaciona exclusivamente o valor xerado a través de mercado para as Administracións Públicas con respecto ao total de financiamento público recibido (2,293).
- As dúas ratios de retorno económico relacionan o valor xerado a través de mercado para o conxunto dos stakeholders, tanto con respecto ao financiamento total (1,431) como con respecto ao financiamento público (14,440). O resultado deste último cociente vén marcado polo baixo importe do financiamento público.
- As dúas ratios de retorno social relacionan o valor xerado a través de actividades de non mercado para o conxunto dos stakeholders, tanto con respecto ao financiamento total (0,217) como con respecto ao financiamento público (2,191).



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL INTEGRAL

- As dúas ratios de valor social integral relacionan o valor social integral xerado con respecto ao financiamento total (1,648) e ao financiamento público (16,631). Nunha organización como a Confraría, que xera valor a través de actividades de mercado e de non mercado estimamos que estas son dous cocientes significativos para analizar a eficiencia no uso do financiamento. Supérase en ambos os casos o valor de 1, que marcaría o límite entre o uso eficiente ou non dos recursos e destaca o cociente de financiamento público marcado polo baixo importe da mesma.
- Finalmente, o ratio de equilibrio fai referencia ao peso relativo do valor social de non mercado sobre o total. No caso da Confraría é de 0,13. Esta cociente cobra maior sentido na medida en que se valore a evolución ao longo de diversos exercicios xa que pode proporcionar información relevante sobre a orientación estratéxica da organización.

	CONJUNTO	AAPP
<i>Ratio Retorno Caja</i>		2,293
<i>Ratio Retorno Económico</i>	1,431	14,440
<i>Ratio Retorno Social</i>	0,217	2,191
<i>Ratio Valor Social Integral [VSI]</i>	1,648	16,631
<i>Ratio Equilibrio Social / Mercado</i>	0,13	



03_PROCESO DE MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL INTEGRAL

En suma, o cálculo do valor social integral da Confraría permitiu integrar os resultados económicos e sociais nun único concepto integral de xeración de valor, superando a tradicional separación destes dous ámbitos. Para unha entidade como a Confraría, esta integración supón unha vía para a mellora da comunicación e xestión dos seus resultados.



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



ANEXO 1_ESTADO DO VALOR ENGADIDO DA CONFRARÍA (2020)

GENERACIÓN DEL VALOR AÑADIDO BRUTO COFRADÍA		
Estado de Valor Añadido (método directo o sustractivo)	31/12/2020	%
Ingresos de la actividad propia	52.843	7,9%
a) Cuotas de asociados y afiliados	0,00	
b) Aportaciones de usuarios	0,00	
c) Ingresos de promociones, patrocinadores y colaboraciones	0,00	
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio	52.842,62	
e) Donaciones y legados imputados al excedente del ejercicio	0,00	
Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil	564.975	84,4%
±Variación de existencias de productos terminados y en curso.	0	0,0%
+Trabajos realizados por la entidad para su activo.	0	0,0%
+Otros ingresos de explotación.	51.963	7,8%
A deducir: coste de los factores adquiridos a otras empresas	-551.156	
-Aprovisionamiento (sin deterioro de materiales)	-497.554	90,3%
a) Consumo de mercaderías.	-484.622,44	
b) Consumo de materias primas y otras materias consumibles.	-3.600,00	
c) Trabajos realizados por otras empresas.	-9.331,42	
Otros gastos de explotación (sin deterioro por operaciones comerciales ni tribu	-53.602	9,7%
a) Servicios exteriores (incluyen alquileres a empresas)	-53.602,30	
d) Otros gastos de gestión corriente	0,00	
=Valor añadido bruto generado por la empresa	118.624	224,5%
+ Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al	15.023	112,5%
- Gastos por ayudas y otros	0	0,0%
±Resultados no recurrentes	-1.665	-12,5%
- Deterioro de mercaderías, materias primas y otros aprovisionamientos.	0,00	
- Pérdidas, deterioro y variación de provisiones por operaciones comerciales.	-1.664,66	
+ Deterioro y Resultados por venta de inmovilizado y otros no recurrentes	0,00	
- Deterioros de instrumentos financieros	0,00	
+ Excesos de provisiones	0,00	
±Resultados Financieros	0	0,0%
+ Ingresos financieros.	0,00	
±Variación de valor razonable en instrumentos financieros.	0,00	
±Diferencias de cambio (neto)	0,00	
±Deterioro y resultado por enajenaciones de instrumentos financieros.	0,00	
+ Donaciones no recogidas en la Cuenta de Pérdidas y Ganancia:	0,00	0,0%
+ Subvenciones no recogidas en la Cuenta de Pérdidas y Ganancia:	0,00	0,0%
=Valor añadido bruto a repartir	131.982	19,7%

REPARTO O APLICACIÓN DEL VALOR AÑADIDO BRUTO COFRADÍA		
Estado de Valor Añadido (método indirecto o aditivo)	31/12/2020	%
Reparto al factor trabajo	53.661	40,7%
8a) Sueldos, salarios y asimilados (incluye servicio de trabajo a los socios)	53.660,72	
8c) Provisiones por retribuciones a los empleados	0,00	
Reparto al factor capital	3.953	3,0%
Capital ajeno		
16) Gastos financieros	3.953,25	
Reparto al Estado	35.426	26,8%
Hacienda pública		
9b) Tributos.	686,11	
8b) Cargas sociales empresa	22.408,56	
Cargas sociales trabajadores	3.090	
Retención IRPF trabajadores	2.221	
20) Impuestos sobre beneficios.	7.020,06	
Reparto otros stakeholders	0	0,0%
3. Gastos por ayudas y otros	0,00	
Retenido por la empresa	38.942	29,5%
10) Amortización del inmovilizado.	18.382,17	
Incremento de Patrimonio	20.560,19	
TOTAL VALOR AÑADIDO REPARTIDO	131.982,19	



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO



ANEXO

2_FINANCIAMENTO DA

CONFRARÍA (2020)

TIPO DE FINANCIAMENTO	CUANTÍA
INGRESOS POR VENDAS	616.892,30 €
SUBVENCIONS XERAIS	52.842,62 €
SUBVENCIONS ESPECIFICAS	15.022,63 €
DOAZONS E SIMILARES	0,00 €
VENDAS DE ACTIVOS	0,00 €
FINANCIAMENTO TOTAL	684.757,55 €
FINANCIAMENTO PROPIO	616.892,30 €
FINANCIAMENTO PÚBLICO	67.865,25 €
FINANCIAMENTO PRIVADO	0,00 €



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL



Informe elaborado por :



Alfonso Etxanobe – Consultor de LKS
Next, S.Coop.



Angel Rodríguez – Consultor de Algalia
S.Coop. Galega



CONFRARÍA
DE PESCADORES
DE VIGO
ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL





ENTIDADE DE
ECONOMÍA SOCIAL

